



**ANEXO C  
INFORME DE RESULTADOS  
ACTIVIDADE DE TRANSFERENCIA TECNOLÓXICA**

**Nº DE PROTOCOLO: 2015/103**

**1.- TÍTULO DA ACTIVIDADE: “Xornada de Ovino e Cabrún 2015”**

**2.- UNIDADE ADMINISTRATIVA DA CONSELLERÍA ORGANIZADORA/PARTICIPANTE:** (centro de investigación/CFEA/OAC...)

- Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo e Oficina Agraria Comarcal de Castroverde.
- Tamén colaboran Ovica (Asociación de Criadores de Ovino e Caprino de Galicia).
- Vélaro S. Coop. Galega (Sociedade Cooperativa Galega de Ovino e Caprino).
- Agrupación de Defensa Sanitaria de Ovino e Caprino ADSG Acivo.

**3.- LOCALIZACIÓN DA ACTIVIDADE:**

Enderezo: Centro Sociocultural de Mosteiro.

Concello: Pol

Provincia: Lugo

**4.- RESPONSABLE:** Manuel López Luaces

Tfno.: 881 881 801

**5.- INTRODUCCIÓN:**

O sector do gando caprino e ovino en Galicia atravesa un momento difícil, xa que a produción deste tipo de carne (en peso canal) tivo un drástico descenso nos últimos anos, pasando dunhas 207 TM en caprino e 570 TM en ovino no ano 2000 (AEA, 2001) a unas 63 TM en caprino y 308 TM en ovino no ano 2012 (AEA, 2013), o que supón unha redución da produción do 69% e 54% para os sectores caprino e ovino, respectivamente. Para que este descenso se atenúe, cómpre que os gandeiros aínda en activo sexan cada vez máis profesionais, polo que a oferta formativa para os mesmos é indispensable.

Ademais de para os propios socios da Cooperativa (poñendo especial relevancia na axuda aos mozos e recién incorporados na actividade agraria e gandeira e nas mulleres titulares das explotacións), as actividades tamén se dirixen a todas aquelas persoas que amosan interese ou inquietude por calquera actividade desenvolta no programa das xornadas, ben sexa pola súa intención de incorporarse ao sector ou unicamente por adquirir novos coñecementos. De feito, as

xornadas son de acceso libre, abertas ao público en xeral e gratuítas, o que permite á xente que non se atopa dentro do sector descubrir novos enfoques e perspectivas do mesmo.

Ademais serven de punto de encontro para todos os socios da Asociación de criadores de ovino e caprino de Galicia OVICA e da súa Cooperativa Vélaro S. Coop. Galega, polo que lles permite actualizarse sobre as novidades do sector neste caso coñecer as novidades da reforma da PAC no período comprendido entre o 2015 e o 2020; a renovación, implantación e mantemento das pradeiras e por último, formarse nas últimas novidades no ámbito da sanidade animal para a prevención e tratamento das patoloxías mais habituais da pezuña no gando ovino e cabrún.

Nesta xornada técnica propóñense poñencias en tres ámbitos que afectan directamente ós produtores de ovino-cabrún:

## 6.- MATERIAL E MÉTODOS:

### *PROGRAMA*

09:30-10:00 h - Presentación da xornada (Santiago Crecente Campo -Investigador do CIAM responsable do Centro do Marco da Curra, M<sup>a</sup> Carmen Fernández Carreira-Presidenta de Ovica, Alvaro Santos Ramos-Responsable da Área Rural da Deputación Provincial de Lugo e Lino Ónega-Alcalde de Pol).

10:00-10:30 h – Poñencia 0: “Resultados de campos de ensaio no Marco da Curra”. (Santiago Crecente Campo -Investigador do CIAM).

10:30-11:45 h – Poñencia I: “Implantación de pradeiras en zonas abandonadas: renovación e mantemento”. (D. Carlos Alberto Rodríguez Rodríguez. Enxeñeiro Agrónomo e técnico de Ovica (Asociación de criadores de ovino e caprino de Galicia e D. Xosé María Eloi Villada Legaspi. Presidente da Sociedade Galega de Pastos e Forraxes e técnico do FOGGA en Lugo. Consellería de Medio Rural e do Mar. Xunta de Galicia).

12:15-14:00 h- Poñencia II: “PAC 2015-2020”. (D. Carlos Alberto Rodríguez Rodríguez. Enxeñeiro Agrónomo e técnico de Ovica (Asociación de criadores de ovino e caprino de Galicia e D. Fernando López López. Xefe de Servizo do FOGGA en Lugo. Consellería do Medio Rural e do Mar. Xunta de Galicia).



16:00 – 20:00 h. PONENCIA III: “Curso teórico-práctico de podoloxía ovina-caprina”

Doutor Miguel Viña Vázquez. Veterinario Responsable da Agrupación de Defensa Sanitaria de Galicia ADSG Acivo.

## 7.- ANÁLISE DE RESULTADOS:

As xornadas xuntaron xente de moi variada procedencia, dende gandeiros, técnicos da consellería de medio rural, persoal das OAC, mozos interesados en incorporarse nesta actividade gandeira, estudantes, etc...

Durante o desenvolvemento das mesmas púxose de manifesto a importancia dunha axeitada xestión das pradeiras para o pastoreo rotacional nos sistemas extensivos e semiextensivos maioritarios en Galicia. Parte das explotacións de ovino-cabrún de certo tamaño en Galicia teñen iniciado a súa actividade en base a zonas de pastos arbustivos transformados a pradeira. Para favorecer o coñecemento sobre a implantación de pradeiras, os contidos da poñencia centráronse nos tipos de recursos pastables, na fertilización e enmendas en pradeiras, a implantación de pradeiras: en terreos abandonados, en monte, en terreos de uso agrícola; e o manexo post-nascencia e renovación.

Na segunda poñencia abordouse a análise dos tres grandes bloques da PAC: pago base, pagos directos e axudas medioambientais, comprendendo todos os aspectos da produción agraria e gandeira (produción agraria sustentable, mantemento de pastos e prados permanentes, agricultura ecolóxica, condicionalidade, medidas agroambientais, razas autóctonas, ordenación do espazo coa compra de dereitos de superficie...) así como informativa e documental (axudas á incorporación de mozos á actividade agraria, plans de mellora nas explotacións, medidas para compensar as desvantaxes específicas do sector ovino e cabrún en Galicia, pagos directos, pago base, etc...)

Por último na poñencia da tarde, máis orientada cara os gandeiros traballando actualmente no sector, se procedeu á impartición dun curso teórico-práctico, para o cal se trouxeron catro ovellas dunha explotación próxima en Riotorto dun gandeiro socio de Ovica. Puxéronse en práctica as técnicas de recorte de pezuña e tratamento das patoloxías máis frecuentes en Galicia: anatomía da pezuña, enfermidades máis comúns e coidados e prevención (na parte teórica) e manexo do animal

para a realización do saneamento da pezuña, recorte funcional e coidados específicos da pezuña enferma (na parte práctica)

Todos os asistentes mencionaron a importancia de poder dispoñer deste tipo de actividades formativas en temas sanitarios de xeito gratuíto e por profesionais traballando no sector.

Dende o CIAM consideramos que a través destas xornadas pódense chegar a transmitir coñecementos de forma directa e efectiva ós agricultores e gandeiros, cerrando aso ciclo da labor investigadora e proporcionando un servizo útil o sector.

#### 8.- RESUMO E CONCLUSIÓNS:

A xornada contou cunha elevada participación, de case 60 persoas, principalmente do sector gandeiro. As charlas foron calificadas polos asistentes de moi interesantes, debido á variada temática abordada entre as tres poñencias acompañada da parte práctica do curso de podoloxía e dúas presentacións de produtos comerciais que foron de gran interese para os gandeiros (programa de destete acelerado para cordeiros e cabritos e aplicación de microorganismos para a degradación de materia orgánica e fertilización biolóxica do solo).

Consideran indispensable poder dispoñer deste tipo de xornadas para aumentar a súa formación e proceder a unha maior profesionalización do sector de ovino e cabrún, un dos máis castigados en Galicia, polo que se debe tratar de establecer periodicamente a realización destas actividades formativas e de transferencia tecnolóxica en colaboración coas Asociacións que traballan a pé de campo e que coñecen os problemas e dificultades polas que pasan os gandeiros e polo tanto poden avaliar máis fielmente as necesidades que poderían ser cubertas por estas accións.

#### 9.- DATA E SINATURA DO RESPONSABLE:

  23/10/15